| ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE AMES |
|---|
| Exercicio 2019 |
| MEMORIA DA ALCALDÍA |

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2019, cuxo importe ascende a **25.994.791,30 euros.**

Este orzamento enmárcase nun novo escenario de débeda cero con entidades bancarias despois da amortización dos créditos pendentes no ano 2017, así como da eliminación do plan de axuste existente dende o ano 2012. Ademais, destaca neste novo orzamento a continuación do proxecto Impulsa-Ames (DUSI) de financiamento Europeo polo que o Concello de Ames disporá ao longo destes anos duns fondos de financiación por importe de 5 millóns de euros e cunha aportación a maiores de 1.250.000€ nas diversas anualidades do programa.

Na presente Memoria explícanse as principais características do orzamento, así como as modificacións máis importantes introducidas respecto ao anterior.

Orzamento de gastos:

| Créditos iniciais | 2.017 | 2.018 | 2.019 | DIFERENCIAS 2017 | DIFERENCIAS 2018 | % CON RESPECTO A 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1. Gastos de persoal | 7.897.545,19 € | 8.124.481,26 € | 8.399.099,00 | 501.553,81 € | 274.617,74 € | 3,38 |
| 2. Gastos en bens correntes e servicios | 11.316.517,90 € | 11.121.235,63 € | 11.692.398,79 | 375.880,89 € | 571.163,16 € | 5,14 |
| 3. Gastos financeiros | 45.346,56 € | 1.000,00 € | 1.000,00 | -44.346,56 € | 0,00 € | 0,00 |
| 4. Transferencias correntes | 963.937,55 € | 1.143.725,08 € | 1.328.084,12 | 364.146,57 € | 184.359,04 € | 16,12 |
| 5. Fondo de continxencia y Outros imprevistos | 0,00 € | 0,00 € | 146.527,48 | 146.527,48 € | 146.527,48 € | 100,00 |
| **Gastos correntes** | **20.223.347,20 €** | **20.390.441,97 €** | **21.567.109,39 €** | **1.343.762,19 €** | **1.176.667,42 €** | **124,64** |
| 6. Inversións reais | 2.328.480,68 € | 4.268.500,25 € | 4.415.681,91 | 2.087.201,23 € | 147.181,66 € | 3,45 |
| 7. Transferencias de capital | 47.877,45 € | 30.000,00 € | 0,00 € | -47.877,45 € | -30.000,00 € | -100,00 |
| **Gastos de capital** | **2.376.358,13 €** | **4.298.500,25 €** | **4.415.681,91 €** | **2.039.323,78 €** | **117.181,66 €** | 0,03 |
| 8. Activos financeiros | 12.000,00 € | 12.000,00 € | 12.000,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 |
| 9. Pasivos financeiros | 676247,92 | 0,00 € | 0,00 € | -676.247,92 € | 0,00 € | 0,00 |
| **Gastos financeiros** | **688.247,92 €** | **12.000,00 €** | **12.000,00 €** | **-676.247,92 €** | **0,00 €** | 0,00 |
| **Totais** | **23.287.953,25 €** | **24.700.942,22 €** | **25.994.791,30 €** | **2.706.838,05 €** | **1.293.849,08 €** | **5,24** |

Orzamento de Ingresos

| Previsións iniciais | 2.017 | 2.018 | 2.019 | DIFERENCIAS 2017 | DIFERENCIAS 2018 | % CON RESPECTO A 2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1.Impostos directos | 7.348.480,49 € | 7.485.889,33 € | 7.769.515,99 € | 421.035,50 € | 283.626,66 € | 3,79 |
| 2 Impostos indirectos | 190.000,00 € | 165.000,00 € | 257.000,00 € | 67.000,00 € | 92.000,00 € | 55,76 |
| 3.Taxas,prez.públ.e out.ing | 5.835.500,68 € | 6.208.382,15 € | 6.368.026,95 € | 532.526,27 € | 159.644,80 € | 2,57 |
| 4.Transferencias correntes | 8.442.370,91 € | 7.889.945,75 € | 8.376.624,67 € | -65.746,24 € | 486.678,92 € | 6,17 |
| 5. Ingresos patrimoniais | 136.450,00 € | 94.639,70 € | 62.780,00 € | -73.670,00 € | -31.859,70 € | -33,66 |
| **Ingresos correntes** | **21.952.802,08 €** | **21.843.856,93 €** | **22.833.947,61 €** | **881.145,53 €** | **990.090,68 €** | 4,53 |
| **TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS** | **22.829.048,43 €** | **23.966.778,14 €** | **25.281.248,92 €** | **2.452.200,49 €** | **1.314.470,78 €** | 5,48 |
| 6.Alleamento de investimentos | 70.000,00 € | 0,00 € | 0,00 € | -70.000,00 € | 0,00 € | -100,00 |
| 7. transferencias de capital | 806.246,35 € | 2.122.921,21 € | 2.447.301,31 € | 1.641.054,96 € | 324.380,10 € | 15,28 |
| Ingresos de Capital | **876.246,35 €** | **2.122.921,21 €** | **2.447.301,31 €** | **1.571.054,96 €** | **324.380,10 €** | 0,15 |
| 8. Activos financeiros | 12.000,00 € | 12.000,00 € | 12.000,00 € | 0,00 € | 0,00 € | 0,00 |
| 9.Pasivos financeiros | 453.355,84 € | 722.164,08 € | 701.542,38 € | 248.186,54 € | -20.621,70 € | -2,86 |
| **Ingresos financeiros** | **465.355,84 €** | **734.164,08 €** | **713.542,38 €** | **248.186,54 €** | **-20.621,70 €** | -2,86 |
| **Totais** | **23.294.404,27 €** | **24.700.942,22 €** | **25.994.791,30 €** | **2.700.387,03 €** | **1.293.849,08 €** | **5,24** |

Neste orzamento de 2019 prodúcese un incremento nos ingresos e gastos con respecto ao exercicio 2018 de 1.293.849,08 euros, un 5,24% mais.

Este incremento débese, fundamentalmente, á inclusión no orzamento da anualidade do proxecto Impulsa-Ames (DUSI). Así mesmo, ter amortizado anticipadamente as operacións de endebedamento con entidades financeiras a 30 de decembro de 2017, permite destinar os fondos a investimentos. Estes orzamentos seguen a apostar pola blindaxe dos servizos sociais incrementado o crédito asignado a esta área a cifra dos 3.194.600,53 euros, o que se repite por segundo ano consecutivo, incrementando o crédito para a Renda Social Municipal, á vez que se incrementa a partida de crédito no Servizo de Axuda no Fogar. Este incremento súmase á forte aposta do equipo de goberno polo mantemento, mellora e ampliación dos servizos municipais que xa se viñan prestando. Recóllese tamén un forte esforzo inversor neste exercicio, de forma que o capítulo de investimentos ascende a 4.415.681,91 euros o que mantén a aposta inversora do ano pasado que xa superaba os 4 millóns de euros sendo unha aposta por realizar importantes melloras nas infraestruturas e servizos que se detallan no anexo de investimentos, entre as que destacan as melloras das redes de

saneamento, abastecemento e pluviais, investimentos en camiños veciñais do rural, obras de pavimentación e urbanización de vías públicas, investimento en proxectos de mellora de eficiencia enerxética, obras destinadas á mellora da accesibilidade, acondicionamento de espazos múltiples, obras en infraestruturas deportivas, investimento en promoción turística, investimentos en administración electrónica e equipos, e investimentos no rural.
Continúase nesta anualidade ca iniciativa dos Orzamentos Participativos que se iniciou no 2017, mantendo neste ano a liña de actuación dirixida á mocidade, que tan bó resultado cosechou no ano anterior e que se financiará con fondos propios.

Para finalizar, cabe destacar a importante partida destinada á construción de un novo comedor no CEIP Mahía por un importe de 454.580,82 euros que pasa por ser o investimento con fondos propios mais importante que se realiza neste orzamento e que amosa o compromiso do Goberno pola mellora dos servizos de conciliación que ven incrementada tamén as súas partidas para dar resposta a alta demanda existente.

Polo tanto estamos ante un orzamento que crece respecto ao 2017 e 2018 por encima do 4,10% con un claro esforzo inversor onde se incrementa a partida de gastos mellorando e incrementando os servizos municipais e onde os impostos e taxas e prezos públicos se manteñen sen que se produza un incremento nos tipos impositivos dos principais impostos municipais salvo incrementos que responden a evolución normal dos servizos. O incremento das previsións de ingresos débese fundamentalmente a evolución dos distintos impostos e tamén ao incremento dos usuarios nos distintos servizos, ao incremento da participación en tributos dos Estado e a consignación nesta 2019 de distintas actuacións vinculadas ao proxecto DUSI-Impulsa Ames.

Finalmente, cabe destacar o descenso do endebedamento nos últimos anos, de tal xeito que a día de hoxe as operacións de endebedamento previstas son a do préstamo provincial 2019 e a do proxecto Impulsa Ames(DUSI). A amortización anticipada da débeda concertada no 2012 a través do denominado "plan de pago a provedores", permite levar a cabo os investimentos, con estabilidade.

Non obstante, parte das cuestións abordades nesta memoria figuran recollidas tamén -e en ocasións ampliadas- no Informe económico-financeiro que figura no expediente.

## 1. EN RELACIÓN AOS INGRESOS

Respecto aos ingresos neste exercicio mantéñense os tipos impositivos dos distintos impostos municipais, os incrementos que se amosan no orzamento de ingresos con respecto ao exercicio 2018, céntranse no imposto de bens inmobles, no de vehículos de tracción mecánica e no imposto de actividades económica. No que respecta ás taxas e prezos públicos, fonte de financiamento dos principais servizos municipais, con respecto ao

exercicio 2018 pode observarse un incremento nas previsións iniciais, isto débese fundamentalmente a un aumento do número de usuarios nos distintos servizos municipais e polo tanto das previsións iniciais.

En canto aos impostos indirectos concretamente do imposto de construcións instalacións e obras, que nos últimos anos se observa unha certa recuperación, debido a actividade económica pero sen alcanzar os niveis do anos 2012 e anteriores, viuse incrementado neste orzamento debido ao plan de inspección que leva mais de tres anos en marcha.

Por outra banda amósase un incremento das transferencias correntes con respecto ao exercicio 2018 debido a que neste exercicio o importe orzamentado na participación de tributos do Estado realizouse sobre as entregas de 2018 que se viron incrementadas con respecto ao previsto ao 2017 debido ao establecido finalmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2018. O certo é que nos últimos 4 anos ésta viuse incrementada, así mesmo prodúcese un incremento nas previsións de transferencias da Administración da Comunidade Autónoma, fundamentalmente polo incremento previsto na subvención do Plan Concertado para 2019, ademais doutras actuacións deste equipo de goberno que amosan a maior capacidade negociadora para conseguir captar maiores recursos doutras administracións.

No que se refire ás transferencias da Deputación Provincial, concretamente no Plan Provincial de Obras e Servizos (POS+ 2019) dunha contía total de 1.335.091,23 euros, destínase neste exercicio un importe que ascende a 140.000,00 euros a gasto corrente, que responde aos cambios no funcionamento e financiamento do POS que xa tiveron lugar nas anualidades anteriores. A través deste plan desaparecen as principais liñas de subvencións provinciais, para actividades culturais, deportivas, sociais e de promoción económica, que se integran no importe total do POS +, de forma que os concellos que manteñan estes servizos deberán prever nos seus orzamentos os créditos necesarios para facer fronte a eses gastos, cousa que así fai o actual equipo de Goberno.

Os principais investimentos (Capítulo VI) previstos neste orzamento de 2019 por importe de 4.415.681,91 euros estarían financiándose a través do capítulo VII de ingresos, que se corresponden coas subvencións de capital do POS + 2019, e fondos europeos da DUSI-Impulsa Ames. Resulta destacable a partida importante cercana ao medio millón de euros de investimento que irá destinada para o novo comedor. En canto ao financiamento de investimentos por operacións financeiras contémplanse varias obras por importe total de 499.268,58 euros, cuxo financiamento responde a un préstamo provincial do POS+ 2019, e actuacións por importe de 1.560.636,45 euros do proxecto DUSI-Impulsa Ames, financiadas con un préstamo por importe de 312.127,29 euros. Polo tanto, neste exercicio o endebedamento municipal con entidades financeiras responde á achega municipal obrigatoria para os proxectos de investimento do DUSI-Impulsa Ames e que son os seguintes:

| PROXECTO | | | APLICACIÓN | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Anualidade | Tipo | órgano Xestor | Número | PROGRAMA | ECONÓMICA | IMPORTE PREVISTO 2019 | DENOMINACIÓN PROXECTO |
| 2018 | 2 | OT.06 | 2 | 154 | 62700 | 55.000,00 | DUSI. Eliminación de barreiras. Accesibilidade |
| 2018 | 2 | OT.06 | 5 | 154 | 62700 | 45.000,00 | DUSI. Amendoa Central. Concurso de proxectos |
| 2019 | 2 | OT.02 | 4 | 165 | 62700 | 15.000,00 | DUSI. Instalación de sensores lumínicos en distintos tramos alumeado publico, xestionando la intensidade luminica |
| 2019 | 2 | OT.04 | 1 | 165 | 62700 | 50.000,00 | DUSI. Instalación alumeado sendeiro CEIP Agro Muíño |
| 2019 | 2 | OT.09 | 1 | 2311 | 62700 | 1.000.000,00 | DUSI. Construción con criterios de eficiencia enerxética centro multidisciplinar |
| 2018 | 2 | OT.02 | 4 | 4913 | 62700 | 46.500,00 | DUSI. Implantación de procedementos de e-administración. |
| 2018 | 2 | OT.02 | 5 | 4913 | 62700 | 17.600,00 | DUSI. Equipamento de módem Wifi e de ordenadores cos periféricos necesarios a todos os equipamentos públicos existente no municipio |
| 2019 | 2 | OT.02 | 2 | 4913 | 62700 | 105.000,00 | DUSI. Carteleria dixital |
| 2019 | 2 | OT.02 | 1 | 4913 | 62700 | 109.936,45 | DUSI. Tarxeta cidadá |
| 2018 | 2 | OT.02 | 6 | 4913 | 62700 | 76.600,00 | DUSI. Instalación de dispositivos de sensorización presencial en farolas, en equipamentos socioculturais, deportivos e outras instalacións municipais para control de intensidade lumínica; instalación de equipos de enlace e conexión con el centro de recollida de datos. |
| 2018 | 2 | OT.02 | 7 | 4913 | 62700 | 20.000,00 | DUSI. Posta en marcha dun sistema municipal de apps para móbil centrarase tamén en tres ámbitos: Turismo, comercio local, transporte municipal. |
| 2018 | 2 | OT.04 | 2 | 933 | 62300 | 20.000,00 | DUSI. Instalación de sistema térmico edificios municipais |

## 2. EN RELACIÓN AOS GASTOS.

O estado de gastos para 2019 amosa unha aposta pola mellora e mantemento dos servizos que se veñen prestando e a ampliación e incorporación de novos servizos incrementando o crédito asignado a cada unha das áreas, en especial a área de servizos de asistencia social e promoción social, así como nas áreas de fomento do emprego, na área educativa (comedores, servizos de conciliación) no que destaca a creación do novo comedor para

CEIP A Maia, na área de urbanismo, turismo e comercio, medio ambiente, xuventude, comunicación, radio municipal, promoción do deporte, seguridade e orde público, incrementando así este concello o seu esforzo inversor.

Atendendo ás previsións de gasto do Orzamento, destaca pola súa importancia, a área de Benestar Comunitario, nos que se atopan os servizos de recollida e tratamento de residuos, limpeza viaria, alumeado públicos, os servizos complementarios do ensino, nos que se sitúan os servizos de comedores escolares.

Cabe destacar a forte aposta pola área de gasto de Benestar social, e que inclúe o mantemento da Renda Social Municipal e axudas de emerxencia fixada para este ano 2019 en 175.000 euros que darán resposta ás necesidades de persoas en risco de exclusión e situación de vulnerabilidade social ofrecéndolle unha contía económica para poder cubrir as súas necesidades, así como facilitar a súa inclusión social. Tamén destacar nesta área social a previsión de incremento de horas no SAF dependencia ofrecendo maiores prestacións, así como a posta en marcha do servizo no Concello denominado “Xantar na Casa” que consiste nun servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades de persoas maiores e/ou dependentes, con déficits de autonomía persoal, para cubrir as súas necesidades básicas continuando ca liña de subvencións de concorrencia competitiva iniciada en 2018 para asociacións sen ánimo de lucro que realicen actividades complementarias de promoción e axuda social.

Tamén merece ser destacada a área de servizos complementarios de educación que incrementa o crédito asignado respecto do orzamento do 2018 nas escolas infantís, centros de primaria e comedores, Creando un novo Comedor no CEIP A Maia e ampliando os servizos educativos e de conciliación do Concello acadando unha cifra total de 5.049.621,01 euros un 19,43% do orzamento. Outra área que experimenta unha importante subida é a área de fomento do emprego, programando distintos obradoiros no centro de emprego e programas integrados, que permiten manter e mellorar as políticas sociais de emprego que inciden directamente na sociedade, así como novos investimentos para a mellora da prestación e de axuda aos emprendedores, como é a implantación do centro de coworking, unha aposta para o que se destina unha cantidade importante de cara á adquisición dun local que albergue dita sede.

Nos casos das áreas de Cultura, Deporte e Medio Ambiente, esta anualidade volve a producirse un incremento económico na procura da mellora dos servizos e no incremento do número das actividades desenvoltas por estes departamentos. A aposta polos servizos prestados a través destas áreas move a un gran número de veniñanza, asentándose no calendario de eventos anuais e fomentando a vida no Concello destaca ademais na área de Medio Ambiente a continuación programa de Plan de prevención de incendios que cumpre o terceiro ano de vida.

Dentro das políticas de gasto, ten importancia o capítulo IV destinado a transferencias e subvencións. O goberno continua ca liña iniciada en 2017 de eliminación das subvencións nominativas apostando pola concorrencia competitiva, salvo nos casos excepcionais debidamente xustificados, para garantir que todas as entidades teñan as mesmas oportunidades de concorrer as axudas e non se establezan diferenzas que poderían menoscabar e prexudicar a algunhas entidades en detrimento doutras. Recóllense as seguintes liñas de subvencións; en materia de servizos sociais e promoción social 335.531,73 euros con subvención para emerxencias sociais, rentas mínimas, para asociacións de carácter social e para familias numerosas, en materia de educación 28.500,00 euros para material escolar libros e actividades das ANPAS, en materia de Promoción cultural e normalización lingüística 82.624,00 euros destinados a subvención para festas populares, asociacións premios culturais e relacionados coa promoción da lingua, en materia de deportes 185.500,00 euros, destinados a subvención nominativas para o Clubs de fútbol Milladoiro e Bertamiráns e as liñas de concorrencia para entidades deportivas, destacando este ano a liña de subvención en réxime de concorrencia para escolas deportivas, así como a división, nas de concorrencia, para actividades e eventos. Finalmente, en materia de comercio e promoción comercial 73.700 euros destacando a liña de subvencións para funcionamento das asociacións comerciais e a liña para actividades desenvoltas por estas entidades.

Os importes consignados en cada área son os seguintes:

| CÓDIGO | DESCRICIÓN | CRÉDITOS INICIAIS | PORCENTAXE % |
|---|---|---|---|
| **13** | Seguridade e mobilidade cidadá. | 1.141.837,57 | 4,39% |
| **15** | Vivenda e urbanismo. | 1.464.944,77 | 5,64% |
| **16** | Benestar comunitario (alumeado, alcantarillado, abastecemento, pavimentación de vías públicas). | 5.292.972,29 | 20,36% |
| **17** | Medio Ambiente parques e xardíns. | 1.057.859,44 | 4,07% |
| **22** | Outras prestacións económicas a favor de empregados. | 75.609,00 | 0,29% |
| **23** | Servizos sociais e promoción social. | 3.194.600,53 | 12,29% |
| **24** | Fomento do emprego. | 456.468,58 | 1,76% |
| **31** | Sanidade. | 58.196,00 | 0,22% |
| **32** | Educación. | 5.049.621,01 | 19,43% |
| **33** | Cultura. | 1.274.270,65 | 4,90% |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **34** | Deporte(instalacións e promoción do deporte. | 963.108,94 | 3,71% |
| **43** | Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas. | 337.138,28 | 1,30% |
| **45** | Infraestruturas no rural estradas e camiños veciñais. | 1.116.418,08 | 4,29% |
| **49** | Outras actuacións de carácter económico( promoción económica, turismo, sociedade da información). | 605.503,19 | 2,33% |
| **91** | Órganos de goberno. | 529.375,24 | 2,04% |
| **92** | Administración Xeral | 1.879.412,88 | 7,23% |
| **93** | Administración financeira e tributaria. | 1.039.369,28 | 4,00% |
| **94** | Transferencias a outras administracións públicas. | 458.085,57 | 1,76% |
| | TOTAL | 25.994.791,30 | 100,00% |

En canto o capítulo de investimentos (VI) alcanza a cifra mais alta dos últimos tres orzamentos cun importe neste orzamento de 4.415.681,91euros, e os investimentos contemplados son os seguintes:

| DENOMINACIÓN PROXECTO | ANOS PREVISTOS | | ANOS ANTERIORES | ANOS ANTERIORES | IMPORTE €/ANUALIDADE 2019 |
|---|---|---|---|---|---|
| | **Inicio** | **Remate** | **ORZAMENTADO** | **EXECUTADO** | |
| **Semáforo Milladoiro que se vai a facturar en 2019** | 2018 | 2019 | 31.562,27 | 0,00 | 31.562,27 |
| **Radar móbil** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 18.150,00 |
| **Compra de terreos ( Ampliación IES Ames)** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 70.000,00 |
| **Obras departamento de urbanismo arquivo** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 8.000,00 |
| **Investimentos( pintados, accesibilidade, beirarrúas, aparcamentos, asfaltado) de reposición de infraestruturas** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 50.000,00 |
| **Mobiliario urbano** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 30.000,00 |
| **Compra de furgoneta servizos básicos** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 12.500,00 |
| **Orzamentos participativos 2019** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 132.000,00 |
| **Obras pendentes Orzamentos Participativos 2018. Obras de Taboleiros de anuncios para todas para** | 2018 | 2019 | 15.966,58 | 0,00 | 15.966,58 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **aldeas na parroquia de Ameixenda. Mellora da sinalización das aldeas de Agrón. Colocación taboleiros informativos nas aldeas de Agrón.Taboleiros de anuncios nos lugares de: Ventosa, Covas (local social), Loureiros e Lombao(Covas).+** | | | | | |
| **DUSI. Eliminación de barreiras. Accesibilidade** | 2018 | 2019 | 45.000,00 | 0,00 | 55.000,00 |
| **DUSI. Amendoa Central. Concurso de proxectos** | 2018 | 2019 | 5.000,00 | 0,00 | 45.000,00 |
| **POS+ 2019 SANEAMENTO EN SUEVOS E SORRIBAS** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 105.975,56 |
| **Obras financiadas con ingresos do ciclo integral da auga relacionadas co abastecemento e saneamento (mellor e posta en marcha de redes de saneamento, abastecemento e pluviais)** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 100.000,00 |
| **Instalación de novos puntos de luz, e reposición dos deteriorados con led.** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 20.000,00 |
| **DUSI. Instalación de sensores luminicos en distintos tramos alumeado publico, xestionando la intensidade luminica** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 15.000,00 |
| **DUSI. Instalación alumeado sendeiro CEIP Agro Muíño** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 50.000,00 |
| **Orzamentos participativos investimentos infraestruturas destinadas á mocidade 2019** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 50.000,00 |
| **Cubrición área de xogos parque infantil de Agro da Vella en O Milladoiro. POS+ Adicional 2018** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 190.393,60 |
| **MANTEMENTO, ROZA, REPOSICIÓN SINALIZACIÓN DETERIORADA OU INEXISTENTE DAS RUTAS AMBIENTAIS** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 15.000,00 |
| **Achegas municipais aos programas de rede natura e fondo compensación ambiental** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 12.200,00 |
| **Reposición de Riamontes, paneis en Agrón e Sinalización Rego dos Pasos** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 5.500,00 |
| **Libros punto de igualdade** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 500,00 |
| **DUSI. Construción con criterios de eficiencia enerxética centro multidisciplinar** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 1.000.000,00 |
| **Pago aprazado 2019, adquisición local para destinalo a Coworking** | 2018 | 2021 | 92.000,00 | 0,00 | 91.219,77 |
| **Cableado centro formación aldea Nova** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 7.400,00 |
| **Equipos comunicación coworking** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 12.000,00 |
| **Mobiliario coworking** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 27.000,00 |
| **Achega municipal subvención nominativa Deputación reparación fachada e cuberta escola infantil O Bosque** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 30.000,00 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Material didáctico** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 4.000,00 |
| **Material didáctico** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 4.000,00 |
| **Reposición Maquinaria Comedores** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 15.000,00 |
| **Redacción do Proxecto e obras de Construción do novo comedor CEIP A Maia** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 454.580,82 |
| **Material Bibliográfico** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 1.000,00 |
| **Investimentos culturais - Instrumentos musicais escolas de música** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 1.000,00 |
| **POS+ 2019 REHABILITACIÓN ÁREA DEPORTIVA DE BERTAMIRÁNS** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 101.790,40 |
| **POS+ 2019 VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE BERTAMIRÁNS** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 62.565,46 |
| **Equipamento deportivo: escolas deportivas** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 8.200,00 |
| **Lonas instalacións deportivas** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 6.500,00 |
| **Material pistas deportivas** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 5.000,00 |
| **Marcador campo fútbol Milladoiro** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 5.500,00 |
| **Instalación de auga en campo de atletismo de Ventín** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 2.463,15 |
| **Xaula de lanzamentos de atletismo en Ventín** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 18.150,00 |
| **luces pista de padel en Aldea Nova** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 3.000,00 |
| **Mesas exteriores de ping-pong e xadrez** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 2.000,00 |
| **Peche de cancha deportiva Milladoiro** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 6.040,00 |
| **Parque calestenia en Bertamiráns** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 8.000,00 |
| **Pintado muro pavillón Milladoiro** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 1.500,00 |
| **Pintado interior pavillóns Milladoiro e Bertamiráns** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 3.000,00 |
| **Protectores canastas para os pavillóns municipais** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 1.800,00 |
| **Pista de volei praia en Bertamiráns** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 8.400,00 |
| **Obras de reposición asociadas ao mantemento mercadillo** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 2.000,00 |
| **Adecuación de rutas de sendeirismo** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 20.000,00 |
| **Achega municipal para subvencións anuais de investimentos turísticos** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 14.420,00 |
| **Mobiliario Urbano Marquesiñas** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 15.000,00 |
| **Obras de reposición de diversas estradas** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 15.000,00 |
| **POS+2019 PAVIMENTACIÓN ACCESOS EN COSTOIA** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 46.465,55 |
| **POS+ 2019 PAVIMENTACIÓN VIAIS EN OUTEIRO** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 119.909,22 |
| **POS +2019 PAVIMENTACIÓN ACCESO A CEMITERIO MUNICIPAL** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 33.832,76 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **POS+ 2019 PAVIMENTACIÓN VIAL ESTRADA DEPUTACIÓN-FRAMÁN-EIRAPEDRIÑA** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 156.265,56 |
| **POS+ 2019 PAVIMENTACIÓN VIAIS NO NÚCLEO DE O PEDREGAL** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 57.163,29 |
| **POS+ 2019 PAVIMENTACIÓN VIAL NO CASALIÑO** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 122.320,53 |
| **POS+ 2019 SENDA PEONIL EN COIRA** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 142.882,17 |
| **Obras de reposición de diversos camiños veciñais** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 24.483,16 |
| **Plan Mellora Camiños anualidade 2019 CAMIÑO DE FIRMISTÁNS A ESTRADA DE TARRÍO E CAMIÑO A INSUA (PRAIA FLUVIAL DE TAPIA)** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 26.125,11 |
| **POS+ 2019 CAMIÑO QUISTILANS-COSTOIA** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 62.442,10 |
| **POS+2019 PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DE DP MERCUTO A FOLGUEIRA** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 42.921,27 |
| **POS+2019 REPARACIÓN CAMIÑO CASTELO A VILAR** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 140.557,36 |
| **Web municipal anualidade** | 2018 | 2019 | 21.899,77 | 0,00 | 21.899,77 |
| **Material Ames radio e fondos roldas de prensa téxtil extensible** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 7.500,00 |
| **DUSI. Implantación de procedementos de e-administración.** | 2018 | 2019 | 135.000,00 | 0,00 | 46.500,00 |
| **DUSI. Equipamento de módem Wifi e de ordenadores cos periféricos necesarios a todos os equipamentos públicos existente no municipio** | 2018 | 2019 | 20.000,00 | 0,00 | 17.600,00 |
| **DUSI. Cartelería dixital** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 105.000,00 |
| **DUSI. Tarxeta cidadá** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 109.936,45 |
| **DUSI. Instalación de dispositivos de sensorización presencial en farolas, en equipamentos socioculturais, deportivos e outras instalacións municipais para control de intensidade lumínica; instalación de equipos de enlace y conexión con el centro de recollida de datos.** | 2018 | 2019 | 60.000,00 | 0,00 | 76.600,00 |
| **DUSI. Posta en marcha de un sistema municipal de apps para móbil se centrará tamén en tres ámbitos: Turismo, comercio local, transporte municipal.** | 2018 | 2019 | 10.000,00 | 0,00 | 20.000,00 |
| **Equipos informáticos pantallas ordenadores escáner, proxector, equipos CPD** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 15.000,00 |
| **Reparacións en varias oficinas xerais** | 2019 | 2019 | 0,00 | 0,00 | 10.000,00 |
| **DUSI. Instalación de sistema térmico edificios municipais** | 2019 | 2019 | 20.000,00 | 0,00 | 20.000,00 |

En canto aos gastos de persoal (capítulo I) hai un incremento salientable no crédito asignado a persoal respecto do orzamento do 2018 incrementando en 274.617,74 euros (3,37%) este capítulo e situándose o crédito total asignado a persoal en 8.399.099,00 euros, o que amosa a aposta clara polo reforzo no emprego público. O presente orzamento recolle o incremento salarial previsto no proxecto de orzamentos xerais do estado para 2018 que supón un 2,25% de incremento, así mesmo inclúense os gastos correspondentes as últimas modificacións da RPT tramitadas e que o Goberno leva realizando en política de recursos humanos nos últimos tres anos. O importe do Capítulo I non supón en términos homoxéneos incremento con respecto as retribucións previstas para 2018, si ben debemos ter en conta que dentro do importe do capítulo I consignouse crédito para facer fronte a sentenzas en materia de persoal e os incrementos das bases de cotización para este exercicio. Cabe destacar este ano unha nova partida que o Goberno inclúe para realizar política de persoal e por importe de 30.000€ que serviría para as posibles modificacións que se poidan levar a cabo froito da negociación que se está levando a cabo da segunda fase da RPT.

.

Non se prevé contratación de persoal temporal durante o exercicio 2019, salvo necesidades urxentes ou inaprazables en servizos prioritarios ou programas concretos subvencionados, en calquera caso consígnase crédito para atender a contratacións temporais derivadas de programas temporais.

Neste exercicio consignase na aplicación orzamentaria 929.50000 ( fondo de continxencia) crédito para facer fronte aos seguintes conceptos:

| | |
|---|---|
| Incremento salarial do 0,25% dende xullo Artigo 3. Dous Real Decreto-lei 24/2018, condicionado ao incremento do PIB | 93.974,48 euros |
| Incremento salarial do 0,30% para implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables Artigo 3. Dous Real Decreto-lei 24/2018, condicionado ao cumprimento da estabilidade orzamentaria | 22.553,00 euros |
| Negociación segunda fase da RPT ( adecuacións retributivas singulares) | 30.000,00 euros |
| Total | 146.527,48 euros |

Horas extras/gratificacións e complementos por horas festivas ou nocturnas:

No orzamento 2019 consignouse crédito por estes conceptos atendendo aos importes consignado no ano 2018 .

| | Importe |
|---|---|
| Compens. Policía festivos e nocturnos | 135.000,00 |

| | |
|---|---|
| H.E. Persoal laboral | 23.000,00 |
| Gratificación | 60.000,00 |
| Horas Complementarias | 6.414,00 |

Fondo Social:

O orzamento 2019 recolle a partida destinada ao fondo social, o importe mantense nos importes dos últimos exercicios.

| Outros gastos de persoal | Importe |
|---|---|
| Fondo de Acción Social | 60.000,00 |

A estrutura retributiva no orzamento no capitulo 1 para 2019 queda establecida da seguinte maneira:

| Gastos de persoal | Importe |
|---|---|
| Anexo de funcionarios | 2.226.500,29 |
| Anexo de funcionarios por programas | 65.895,28 |
| Anexo persoal laboral fixo | 3.255.505,14 |
| Anexo persoal laboral temporal | 76.615,60 |
| Anexo eventual | 104.012,30 |
| Anexo órganos de Goberno | 243.611,64 |
| Seguridade Social | 1.908.209,05 |
| Total | 7.880.349,30 |

| Outros gastos de persoal | Importe |
|---|---|
| Complemento compensación nocturnidade/festividade policía local | 135.000,00 |
| Horas extras persoal laboral | 23.000,00 |
| Gratificacións funcionarios | 60.000,00 |
| Horas complementarias | 6.414,00 |
| Seguros persoal | 4.000,00 |
| Fondo de Acción Social | 60.000,00 |

| | |
|---|---|
| Seguridade Social conceptos anteriores | 60.335,70 |
| Sentenzas persoal (atrasos ss ENMA e Sentenza Conserxe Pavillón Polideportivo do ano 2018) | 140.000,00 |
| Substitucións | 30.000,00 |
| Total | 518.749,70 |

| | |
|---|---|
| Total Capítulo I | 8.399.099,00 |

| Fondo de continxencia (Cap. V) | Importe |
|---|---|
| Incremento salarial do 0,25% dende xullo Artigo 3. Dous Real Decreto-lei 24/2018, condicionado ao incremento do PIB | 93.974,48 |
| Incremento salarial do 0,30% para implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables Artigo 3. Dous Real Decreto-lei 24/2018, condicionado ao cumprimento da estabilidade orzamentaria | 22.553,00 |
| Negociación segunda fase da RPT ( adecuacións retributivas singulares) | 30.000,00 |
| Total | 146.527,48 |

| | |
|---|---|
| Total Persoal (Cap I e Cap V) | 8.545.626,48 |

En cantos os Capítulos III (Gastos financeiros) a IX (Pasivos financeiros) neste caso o destino do superávit da liquidación do exercicio 2016 a amortización de débeda fixo que a 31.12.2017 o concello pechara ~~con~~ sen débeda con entidades financeiras. Polo que a débeda viva do concello a 31.12.2018 está formada polos préstamos provinciais para execución de obras executadas en exercicios anteriores e polo préstamo bancario solicitado para os investimentos da estratexia DUSI Impulsa Ames.

| Débeda Bancaria | Sistema de amortización | Capital inicial | Capital disposto a 31.12.2018 | Capital pendente ao inicio do exercicio |
|---|---|---|---|---|
| Operación 2018-Investimentos DUSI Impulsa-Ames | Terminos amortizativos constantes trimestrais ( euribor tres meses diferencial 0,55). Un ano de carencia | 222.895,50 | 0 | 222.895,50 € |

| Outros préstamos | Sistema de amortización | Capital Solicitado | Capital disposto a 31.12.2018 | Capital pendente ao inicio do exercicio 2019 | |
|---|---|---|---|---|---|
| Operación Deputación Provincial de A Coruña PAI 2015 | Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro. | 294.045,17 | 294.045,17 | 294.045,17 | Non computa en protocolo déficit excesivo |
| Operación Deputación Provincial de A Coruña PAI 2016 | Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro. | 381.817,61 | 367.569,86 | 381.817,61 | Non computa en protocolo déficit excesivo |
| Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2017 | Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro. | 453.355,84 | 96.517,92 | 453.355,84 | Non computa en protocolo déficit excesivo |
| Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2018 | Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro. | 499.268,58 | 0,00 | 499.268,58 | Non computa en protocolo déficit excesivo |
| | | | | 1.628.487,20 | |

| Novas operación proxectadas 2019 | | | |
|---|---|---|---|
| Débeda Bancaria | Sistema de | Capital | Capital pendente ao inicio do exercicio |

| | amortización | inicial | |
|---|---|---|---|
| Operación 2019-Investimentos DUSI Impulsa-Ames 2019 | Terminos amortizativos constantes trimestrais (euribor tres meses diferencial que se oferte). Un ano de carencia | 312.127,29 | 312.127,29 |

| Outros préstamos | Sistema de amortización | Capital inicial | Capital pendente ao remate do exercicio |
|---|---|---|---|
| Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+2019 | Términos amortizativos semestrais constantes, nos meses de xuño e novembro. | 389.415,09 | 389.415,09 |
| Compravenda local Coworking na modalidade de Pago aprazado | | 365.659,31 | 365.659,31 |

| VOLUME DE DÉBEDA VIVA (*) | Capital pendente ao remate do exercicio |
|---|---|
| (+) Ingresos correntes previstos 1 a 5 | 22.833.947,61 |
| (-) Ingresos correntes afectados o extraordinarios | 70.000,00 |
| TOTAL INGRESOS CORRENTES A CONSIDERAR: | 22.763.947,61 |
| VOLUME DE DÉBEDA VIVA 01/01/2019 | |
| Préstamos a largo pazo bancarios | 222.895,50 |
| Préstamos Provinciais | 1.628.487,20 |
| Débeda con el FFPP | 0,00 |
| Risco por operacións avaladas | 0,00 |
| DÉBEDA VIVA TOTAL A 01/01/2019 | 1.851.382,70 |
| OPERACIÓN PROXECTADA | 312.127,29 |
| COMPRA PAGO APRAZADO | 365.659,31 |
| PRÉSTAMO PROVINCIAL POS +2019 | 389.415,09 |
| **DÉBEDA VIVA A 31/12/2019 MÁS OPERACIÓN PROXECTADA** | **2.918.584,39** |
| **% sobre os ingresos correntes** | **0,13** |

Concello de AMES

## 3.- AFORRO NETO

| A.- Dereitos liquidados por operacións correntes | Orzamento 2019 |
|---|---|
| Impostos directos | 7.769.515,99 |
| Impostos indirectos | 257.000,00 |
| Taxas e outros ingresos | 6.368.026,95 |
| Transferencias correntes | 8.376.624,67 |
| Ingresos patrimoniais | 62.780,00 |
| Total | 22.833.947,61 |

| B.- Obrigas recoñecidas por gastos correntes. | Orzamento 2019 |
|---|---|
| Gastos de persoal | 8.399.099,00 |
| Gastos en bens correntes e servicios | 11.692.398,79 |
| Transferencias correntes | 1.328.084,12 |
| Total | 21.419.581,91 |
| Aforro bruto (A-B) | 1.414.365,70 |
| Anualidade teórica de amortización (ATA) | 509.995,03 |
| Aforro neto | **904.370,67** |

| | CAPITAL | Nº DE AÑOS (incluída carencia) | T.A.E. EN TANTO POR CENTO | A.T.A. del préstamo | |
|---|---|---|---|---|---|
| Operación proxectada 2018-Investimentos DUSI Impulsa-Ames | 222.895,50 | 11 | 0,804 | 21.253,77 | Interes:euribor 0,2540+diferencial 0,55 |
| Operación Deputación Provincial de A Coruña | 294.045,17 | 12 | 0 | 24.503,76 | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| PAI 2015 | | | | | |
| Operación Deputación Provincial de A Coruña PAI 2016 | 381.817,61 | 12 | 0 | 38.181,76 | |
| Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2017 | 453.355,84 | 12 | 0 | 45.335,58 | |
| Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+ 2018 | 499.268,58 | 12 | 0 | 49.926,86 | |
| Operación 2019-Investimentos DUSI Impulsa-Ames 2019 | 312.127,29 | 11 | 0,99 | 30.088,36 | |
| Operación Deputación Provincial de A Coruña POS+2019 | 389.415,09 | 10 | | 209.290,10 | |
| Compravenda local Coworking na modalidade de Pago aprazado | 365.659,31 | 4 | 0,804 | 91.414,83 | Interes:euribor 0,2540+diferencial 0,55 |
| | **2.918.584,39** | | | **509.995,03** | |

**O Alcalde.**

**José M. Miñones Conde**